

Modelos masculino e feminino no libro infantil

Sabela Álvarez Núñez

Se damos un breve percorrido polos mundos que habitan nas páxinas da literatura infantil ó longo da súa historia, comprobamos tristemente como a literatura infantil -desde que esta existe como unha literatura específica, o que ocorre a partir da segunda metade do século XVIII- é un reflexo do masculino que é o mundo.

¿Quen non se lembra do conto de Grimm, *Xoán sen medo*? Xoán, o seu protagonista, un personaxe masculino, iso si, valente, arriscado e seguro de si, bótase a anda-lo mundo mentres a súa nai, persoa adulta, pero indefensa, medosa e resignada, queda a chorar na casa. Polgariño, o salvador de Carapuchiña, o salvador da Bela Durminte, Robinson Crusoe, Gulliver, Tom Sawyer, Pinocho, etc., son todos personaxes masculinos. Como dato significativo, o 80% dos personaxes negativos dos contos de Grimm, curiosamente, son mulleres. E é que a un século de distancia dos irmáns Grimm, a imaxe da muller que a literatura contemporánea transmite non é moi diferente da que nos ofrecen os contos de fadas tradicionais, xa que na literatura que hoxe se fai para nenas e nenos, a muller, ou ben:

1. Segue existindo como un *personaxe negativo*, que reproduce o rol tradicional dos contos de fadas e que atende á división social dos roles masculino e feminino e onde ela existe só como *obxecto*, aparecendo nun plano exclusivamente *para servir*, o que significa cumprir o seu papel de nai esposa, complemento de... ou aqueloutras funcións que non son máis ca unha prolongación da *función nai*, como mestras, enfermeiras, coidadoras...
2. Ou é un personaxe *inexistente como suxeito*, é dicir está ausente, e disto hai ben exemplos en tódalas literaturas.
3. Ou no mellor dos casos, incorporan á nena ó mundo masculino.

E é que temos que ter en conta que na educación dos sexos, a literatura infantil tivo grande importancia, polo que no século XIX, a literatura infantil non era considerada unha obra de arte, senón que era un medio de ensino a través do cal nenos e nenas recibían leccións de didactismo, moralismo e sexismo e de aí os abundantes comentarios didácticos e as *moralexas finais* das que se acompañaba o conto.

Analizando os contos de fadas, tan de moda nos séculos XVIII e XIX, comprobamos como:

As esferas *dentrofora*, responden á división sexual do traballo. Abonda con lembra-las esixencias dos ananos a Brancaneves. Esta poderá quedar con eles a cambio de 'coidar da casa, lavar, cociñar, remenda-la roupa e ter todo limpo e ordenado'. Aparece tamén a prohibición de *sair da casa*, constante das heroínas desta literatura, que neste conto notamos na orde dos ananos de 'non deixes entrar a ninguén', en oposición ó heroe masculino que *parte na busca de aventuras*.

Outra constante importante nestes contos é o *bosque simbólico* que os personaxes masculinos van sempre atravesar victoriosos. Polgariño, por poñer un exemplo, sairá coroado de éxito e de fortuna despois de adentrarse no bosque. En contraposición, as figuras femininas, non lograrán atravesar o bosque e valla como exemplo o conto da Carapuchiña, que por saír a ese espacio vedado para elas, encontrará a morte -falo da versión de Perrault, pois na versión de Grimm, seguramente por ser máis moderna, as tontas e parvas Carapuchiñas o mesmo cás avoas, son salvadas, claro está, por un personaxe masculino, neste caso un cazador.

Fixándonos nas figuras femininas destes contos atopamos dúas categorías fundamentais: *as boas* (princesas, raíñas, fadas...) e *as malas* (bruxas, madrastras, meigas...) que veñen a representar esa imaxe dual da muller creada polo patriarcalismo onde a muller se converte nun dos polos opostos do término binario do mal e do ben. Porque para a cultura patriarcal, a muller ou é nai ou é prostituta, ou é fríxida ou é ninfómana, ou é santa ou é demo, ou é feminina-pasiva, ou é unha muller-macho 'marimacho', ou é fada (ou madriña) ou é bruxa (ou meiga).

Con respecto ás fadas, apuntar tan só que eses bucólicos e delicados personaxes reparten entre os personaxes femininos dos contos esa colección de virtudes e dons que tanto nos degradaron ás mulleres ó longo dos séculos: beleza, inocencia, humildade, pasividade, resignación, indefensión, etc. E, no tocante ó poder das súas variñas máxicas, non deixa de ser un poder falso e aparente, porque elas non conseguen o poder por medio dos seus recursos persoais, senón que lles foi conferido sen razóns lóxicas, da mesma forma que o maléfico ás bruxas.

Desa imaxe da bruxa medieval como muller sabia, curandeira, botánica e coñecedora da alquimia, da cábala, da astroloxía e doutras disciplinas que na Idade Media tiñan o carácter de ciencia só nos quedan unhas bruxas esquematizadas nas lendas populares dos diferentes países, coas súas vasoiras voadoras, o seu sombreiro picudo, a súa face fea e vella e que utilizan unha ampla amalgama de ritos, fórmulas e cerimoniais máxicas para conseguiren o mal, xa que o cristianismo e a ideoloxía patriarcal deformaron totalmente o carácter das bruxas. Quizais sexa a maxia de tipo maléfico unha das fórmulas máis utilizadas polas bruxas dos contos e por medio da cal se pode danar a saúde física ou psíquica das súas protagonistas, ben a través de algo material: 'a mazá' en *Brancaneves*, ou 'o fuso' na *Bela Durminte*, ou ben a través do 'mal de ollo', crenza popular moi antiga que consiste na superstición de que a mirada de determinadas persoas ten poderes máxicos e sobrenaturais para facer mal a outras.

Se pensamos que a nosa cultura de hoxe está enchoupada dos mesmos valores cós que alimentan os contos de fadas, chegamos á conclusión de que é por iso polo que estes seguen encantando a nenos, nenas e adultos e que o seu disfrute vai máis alá dos seus innegables valores literarios, debéndose, pois, este disfrute á identificación da nena/neno cos arquetipos que alí se lle ofrecen. Arquetipos que presentan uns destinos para os nenos e outros moi diferentes para as nenas, reforzando os estereotipos sexuais e potenciando a discriminación entre os sexos. E se a isto lle engadimos que a literatura forma parte da vida da nena e do neno desde idades moi temperás, xa que temos que pensar que este ou esta antes de *ler xa escoita* e se pensamos que a relación do neno ou nena co libro é unha relación de tipo *afectivo, emotivo*, os contidos que o conto transmita axudaranlle a interiorizar valores, normas, nocións, etc., isto é, a conforma-la súa personalidade.

Se no século XIX o alemán Erns Theodor Amadeus Hoffmann (1801), á hora de facer literatura infantil, rompeu cos vellos cánones tradicionais, en canto á forma e contido se refire, en cambio non foi quen de facelo no momento de identifica-lo *neno* coa *espada* e a *nena* coa *boneca*. Haberá que esperar a mediados do século XX (á década dos 60) para que naza a primeira nena robinsona da literatura infantil universal, na obra *A illa dos delfíns azuis*, de Scott O'Dell, que nos ofrece as aventuras dun Robinson feminino, a súa supervivencia e a súa evolución como muller nunha illa do Pacífico a onde acode para salvar a seu irmán.

Despois deste breve percorrido polas páxinas da historia da literatura para nenos e nenas, podemos comprobar que os personaxes dos contos responderon e seguen aínda a responder, ós modelos culturais desta sociedade patriarcal que nos tocou vivir. Por iso aínda é hoxe o día que nesta literatura se poden detecta-las imaxes e os modelos de comportamento que a ideoloxía patriarcal procura transmitir a nenas e nenos.

Se facemos unha análise comparativa da caracterización masculina/feminina da literatura actual comprobamos que a imaxe que esta dá da muller non reflexa esa relativa autonomía que as mulleres van acadando á hora de estar no mundo, de aí que:

1. *Non abundan as caracterizacións positivas dos personaxes femininos fronte ás caracterizacións sempre -ou case sempre- positiva dos personaxes masculinos.* É frecuente encontrarse co tópico tradicional segundo o cal as nenas son, por natureza, pouco hábiles, incapaces, fráxiles, pasivas, indefensas, medosas, tímidas, sumisas, resignadas, dependentes, choronas, estúpidas, fronte a eles, que aparecen como fortes, valentes, activos, arriscados, autónomos, seguros de si, protectores, salvadores, etc.

2. Nas descripcións hai aspectos que só aparecen referidos ás nenas: pel fina e delicada, o peiteado, os abelorios, etc.

Os vestidos deles serven para caracteriza-la súa condición social. Os vestidos delas aparecen como un atributo máis do seu sexo.

3. En canto ó hábitat, os nenos ocupan espazos abertos, *sen límites*: a rúa, a praia, o monte, etc. É dicir, o mundo do descoñecido, onde están as aventuras e a fortuna,

pertence ós rapaces. Pola contra, as nenas están na casa, xogan nun xardín coutado por *muros, límites*, e é frecuente que para saír necesiten do permiso dos maiores e mesmo ser acompañadas por eles.

4. O traballo da muller segue sendo o doméstico. Elas son esposas, nais, etc., ou compren esoutras funcións que son a prolongación da función nai, como enfermeiras, mestras, coidadoras. Pola contra, eles realizan o traballo creativo e produtor de riquezas, así como grandes empresas.

5. A maneira de proxectarse cara ó futuro tamén é diferente segundo o sexo. Os nenos soñan con ser capitáns de navíos, viaxar a outras galaxias, facer un traballo importante, etc. Pero os soños das nenas son máis curtos, pois detéñense no intre de elas casaren e de teren un fillo.

6. É frecuente que os personaxes masculinos e femininos dos contos se vexan acompañados dun animal: dun can, dun gato, dun hámster, etc., e tamén neste punto se presentan diferencias segundo o personaxe sexa masculino ou feminino: eles ensinan ós animais habilidades adestrándoos. Elas non lles ensinan nada, á parte de os tratar agarimosamente, darlles de comer e coidalos. No caso de seren os animais habelenciosos, esa habelencia venlles de seu. Na obra de Roald Dalh, *As bruxas*, o protagonista adestra a dous hámsters. Cando a Gran Bruxa descobre ós dous adestrados animalíños axiña saberá que pertencen a un neno e non a unha nena precisamente por estaren domesticados.

Hoxe, cando a literatura para nenos e nenas tenta ser, *por fin*, literatura *en primeiro lugar*, desprendéndose do didactismo e da pedagogía do século XIX, segue non obstante, exercendo a función de transmitir e confirmar eses modelos masculinos e femininos patriarcais e os roles que isto conleva.

As nenas comezan a ter, é certo, un protagonismo, pero este non vai acompañado dun cambio de funcións. Así, cando Celia, personaxe de Elena Fortún, pregunta: “Ya me canso de ser Celia, y todos los días Celia (...) ¿siempre seré Celia, mamá?”, a resposta da nai é ben ilustrativa do que dicimos:

-Siempre, aunque no igual que ahora. Serás mayor, te casarás, tendrás una casa como esta (...) y después serás viejecita.

E cando unha nena adopta actitudes activas -aínda consideradas hoxe como masculinas- debe tomar nome de varón, coma a famosa ‘Jorgina’, a quen todos chaman ‘Jorge’, personaxe popular de Enid Blyton.

A renovación neste sentido vén do campo feminista e da literatura feita por mulleres. Un exemplo é a colección “A favor das nenas”, da Editorial Lumen. Esta nova literatura propón novos modelos de vida, afectividade e convivencia, valorando as cualidades e os riscos femininos. Preséntanos imaxes novas de rapazas vivindo en liberdade, como independentes, seguras, emprendedoras, etc., existindo ademais a solidariedade entre as mulleres fronte a ese narcisismo e rivalidade frecuente dos contos tradicionais: nai/madrastra, fada/bruxa. Algunha obra da italiana Adela Turin trata de bruxas desde unha reivindicación da bruxa medieval como muller sabia, curandeira, botánica e verdadeira médica das clases populares da Idade Media.

As máis das nenas valentes, decididas, protagonistas de seu son creadas por mulleres, e habería que citar aquí nomes como os de Ursula Wölfel, Kate Wow Roeder-Guadeberg, María Gripe, Monserrat del Amo, Armonía Rodríguez, Lucía Baquedano, Mercè Torrents, Christine Nöstlinger, Ligia Bojunga, etc..No caso da literatura galega, estamos asistindo tamén a unha importante renovación neste sentido: Ursula Heinze, Helena Villar Janeiro, Palmira G. Boulosa, M^a Victoria Moreno, Marilar Aleixandre e algúns outros son nomes para non esquecer. E hai que falar aquí da narración xuvenil mítico-fantástica-lexendaria *O segredo da pedra figueira*, de M^a Xosé Queizán, que nos fai pensar cando a lemos aquilo de “o futuro é muller”. Salientar tamén desta obra que a autora trata mesmo de transcender e chegar máis alá da linguaxe común para traspasala, creando unha linguaxe propia feminina, ou o que é o mesmo, recuperando e creando a palabra das mulleres.

Habería que sinalar tamén aquelas obras non sexistas escritas por homes. Tal é o caso, na nosa literatura, das obras: *Das cousas de Ramón Lamote*, de Paco Martín, que presenta novos valores e onde homes e mulleres son retratados e ridiculizados por un igual, sen atender ó seu sexo, e *Proxecto pomba dourada* de Miguel Vázquez Freire. Nesta obra, Gwendail, o personaxe feminino, é unha nena intelixente, enxeñosa, valente, activa e que dirixe ó grupo. Poderíamos dicir que sen Arno non habería historia, pero sen Gwendail Arno non chegaría ó seu destino.

E por último, lembrar algo que autoras e autores deberían ter en conta á hora de escribir para nenos e para nenas. Refírome a que non deberían proxectarse no que escriben nin dirixirse como consecuencia a ese neno ideal co que queren representa-lo seu paraíso da infancia. Xa sei que non se lle pode esixir ó creador ou creadora literaria que se desprenda de si, pero si que pense nas nenas e nenos *reais*, que viven nun mundo real, limitados por esas marcas culturais da sociedade patriarcal que lles tocou vivir e que pensen que *el e ela* deben encontrar novos horizontes e non ser acartonados e limitados.

Tamén se me podería responder que estes autores e autoras, en realidade non están facendo sexismo, senón ofrecéndonos un reflexo da realidade e que esta non pode nin agacharse nin adulterarse, pero eu diríalles a eses autores que poderían denunciar eses problemas como inxustizas e alterar eses valores tradicionais, para provocar nesa nena ou neno a actitude crítica cos valores imperantes na súa sociedade.

Tamén sería necesario reunir a tódolos investigadores e investigadoras interesadas neste xénero literario para esbozar un traballo crítico e interdisciplinar, co fin de analizar, criticar e poñer de manifesto os contidos anacrónicos, antihistóricos e discriminatorios dos dous sexos para poder rachar así definitivamente con esa función que a literatura infantil veu transmitindo ó longo da súa existencia como tal.

Por iso, aquelas autoras e autores que escribimos para nenas e nenos debemos de pensar que a literatura pode axudar a *recoñecermonos* mulleres e homes *diferentes*, pero en igual liberdade e disponibilidad para inventarmos novas maneiras.